

Ademais...

A Facultade de Filosofía ofrécete a oportunidade de facer estudos de Máster:

- Máster universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía
<https://www.masterenfilosofia.com/>

Así mesmo, poderás integrarte nos seus Programas de doutoramento:

- Filosofía
<https://www.usc.es/gl/estudos/doutoramentos/artes-humanidades/programa-doutoramento-filosofia>
- Lóxica e Filosofía da Ciencia
<https://www.usc.es/gl/estudos/doutoramentos/artes-humanidades/programa-doutoramento-loxica-filosofia-ciencia>



Toda esta oferta está enmarcada na Universidade de Santiago de Compostela (USC), prestixiosa Universidade pública, herdeira de máis de cincocentos anos de docencia, investigación, difusión do coñecemento e creación cultural.

Compostela é, desde 1495, unha cidade universitaria, con moita actividade cultural, e a matriz do actual Sistema Universitario Galego.

A USC foi valorada pola súa excelencia como unha das mellores Universidades españolas e do Espazo Europeo de Educación Superior.



Facultade de Filosofía

Praza de Mazarelos
15872 Santiago de Compostela

Información

Oficina de Información Universitaria
oiu@usc.gal

www.usc.es/gl/centro/facultade-filosofia



pensaches en...



... Filosofía ?



Estudar Filosofía

Se elixes a nosa Facultade...



A sociedade precisa profesionais coas competencias instrumentais de comprensión, interpretación, análise reflexiva, argumentación e comunicación, con ampla formación humanística, ético-política e antropolóxica. Trátase de saber identificar, describir e afrontar con espírito crítico e creativo os desafíos do mundo de hoxe, en temas como a ecoloxía, cidadanía e xustiza, xénero, intelixencia artificial, bioética, etc. Unha formación con capacidade para desenvolverse en contextos de investigación e docencia, xestión e administración, planificación, coordinación, colaboración e asesoramento cultural, ético-político e estético. Algúns dos espazos profesionais da titulación son:

- Docencia de Filosofía no nivel universitario.
- Docencia no ensino secundario (materias de Filosofía, Ética e outras das áreas humanísticas).
- Investigación en estudos especializados (filosóficos, antropolóxicos, hermenéuticos, epistemolóxicos, ecolóxicos, estéticos, ético-políticos, de lóxica e intelixencia artificial, etc.).
- Apoio e asesoramento no liderado e participación política e cultural.
- Dirección, xestión, asesoramento en recursos humanos.
- Dinamización cultural.
- Formulación, xestión e seguimento de accións con fins humanitarios.
- Xestión / Administración en organismos públicos.
- Actividade editorial

<https://www.usc.gal/es/centros/filosofia/>

O Grao en Filosofía capacita en competencias transferibles a moitos outros dominios debido a que usa metodoloxías de traballo que son transversais e aplicables en diversos ámbitos culturais e científicos e está enfocado sobre distintas parcelas do coñecemento:

- ▶ Ética. Filosofía Política.
- ▶ Historia e Correntes Actuais da Filosofía.
- ▶ Lóxica e Retórica. Filosofía da Linguaxe e da Mente. Filosofía da Ciencia.
- ▶ Hermenéutica. Metafísica e Teoría do coñecemento.
- ▶ Antropoloxía Filosófica e Filosofía da Historia e das Relixións.
- ▶ Estética e Filosofía das Artes
- ▶ Antropoloxía Social. Estudos de xénero.

Será unha oportunidade para mergullarte no mundo do pensamento e da análise crítica no nivel universitario. Compartirás as túas inquedanzas con estudantes coma ti.



Contarás con docentes con ampla experiencia e prestixio, que son profesionais nos ámbitos de pensamento nos que ti tes interese.

Disporás de titorías ligadas a cada unha das materias e de titorías personalizadas.

A Facultade está situada en pleno casco histórico, nun entorno cheo de vida ao que poderás acceder camiñando desde calquera punto da cidade.

Estamos nun edificio histórico céntrico, totalmente modernizado e moi comfortable, con novas tecnoloxías de apoio á docencia e á investigación.

Terás a túa disposición unha excelente Biblioteca de libre acceso, que conta con varios miles de libros e revistas.

A Facultade brinda a posibilidade de:

- ▶ Realizar parte dos teus estudos nalgúnhas das prestixiosas universidades españolas e internacionais coas que temos convenios de intercambio e distintos programas de mobilidade.
- ▶ Se así o desexas, terás a posibilidade de facer prácticas externas nalgúns centros, fundacións ou institucións sociais, culturais ou políticas relacionadas co ámbito filosófico.